

TEMA 8.1. A ARTE BARROCA EN ITALIA

AS OBRAS OBXECTO DE ESTUDO para a ABAU

1. Maderno: *Fachada de San Pedro do Vaticano.*
2. Bernini: *Praza do Vaticano.*
3. Borromini: *San Carlos das catro fontes.*
4. Bernini: *A Transververación de Santa Tareixa.*
5. Bernini: *Apolo e Dafne.*
6. Caravaggio: *A vocación de san Mateo.*
7. Artemisia Gentileschi: *Judit decapitando Holofernes.*

CONTEXTO HISTÓRICO ARTÍSTICO

A arte barroca xorde e desenvólvese na Europa do s. XVII e principios do XVIII. Unha arte barroca, brillante e rica, que convive cunha Europa sometida a profundos cambios políticos, sociais e e relixiosos.

A Europa do Barroco é a Europa do Antigo Réxime. E cómpre que destaquemos algúns dos aspectos que marcaron este período:

1. O **desenvolvemento das monarquías absolutas**. A forma de goberno onde o monarca concentraba todo o poder era o predominante nas principais cortes de Europa, encabezadas por Francia, aínda que en Inglaterra e Ho-

landa triunfase as fórmulas parlamentarias. As monarquías absolutas utilizaron a arte como ferramenta para glorificar o monarca e reforzar o seu poder, destacando as obras monumentais nos seus palacios e capitais dos reinos.

2. A **crise política e relixiosa**: O s. XVII vai estar marcado pola constante conflitividade e enfrontamento entre as potencias europeas, coa monarquía hispánica dos Austria, xa en declive, loitando pola hexemonía política contra a Francia dos Borbóns, onde vai destacar Luis XIV. Destaca a coñecida coma Guerra dos Trinta Anos (1618-1648), que devastou o continente, desde o punto de vista demográfico e económico, que se verá reflectida nalgunhas obras barrocas, así como a crise, fame e morte marcará o imaxinario desta época. O principal consolo e esperanza buscarano a través da fe relixiosa.

3. A **Contrarreforma**: Os monarcas católicos apoiaranse neste movemento xurdido dentro da Igrexa Católica (tras o Concilio de Trento do século anterior), que buscar reafirmar a fe católica fronte as novas igrexas protestantes. A arte será utilizada como unha ferramenta de propagando, co obxecto de transmitir a mensaxe católica e reafirmar a autoridade do Papa e do catolicismo fronte as novas confesións relixiosas.

4. A **expansión fóra de Europa**. Malia que o Barroco é unha arte eminente europea, a extensión das potencias europeas fóra do continente, en especial España e Portugal, fará que este se estenda a América, fusionándose coa arte local, e podendo atopar influencias decorativas en obras artísticas europeas.

5. Os **avances científicos e intelectuais**. Malia o peso da relixión, asistimos neste período a unha renovación do pensamento, da mans de filósofos coma Descartes, así como no mundo científico.

Contexto artístico. As características xerais da arte barroca.

Os principais trazos da arte barroca son os seguintes:

1. **Dramatismo e movemento:** As obras barrocas tenden ao dinamismo, están cheas de acción, con figuras en movemento e composicións que presentan tensión e emoción. Isto conséguese con composicións que afondan na perspectiva diagonal, creando profundidade e dinamismo.
2. **Contraste e esaxeración:** Imos observar as fortes contrates entre luces e sombras(*claroscuro*), do mesmo xeito que tratarán de resaltar a emoción e o drama coma esaxeración das formas.
3. **Emoción e teatralidade:** A arte barroca busca a resposta emocional do espectador, provocando asombro, éxtase ou devoción, xa con temas relixiosos ou mitolóxicos.
4. **Detalle e ornamentación:** Destacan a cantidade de adornos, decoración e elementos ornamentais, enchendo todo o espazo dispoñible(*horror vacui*).
5. **Uso da arquitectura e da escenografía:** Na pintura barroca, a miúdo faise uso da arquitectura e da escenografía para enmarcar as figuras e crear unha sensación de profundidade espacial.
6. **Realismo emotivo:** Téndese a buscar unha representación máis realista das emocións humanas, incidindo nas expresións intensas e xestos dramáticos (aínda que tamén se poden buscar imaxes idealizadas).

Non podemos falar dunha única arte barroca, atoparemos manifestacións diferentes que nos fan da variedade e riqueza dos países europeos.

O termo barroco tivo unha acepción despectiva, difundida no período neoclásico, sobre todo polo recargado da súa decoración na etapa final (aínda que non sempre foi así).

Non se pode entender a arte barroca sen relacionalo directamente coa situación que estaba a vivir a Igrexa católica, inmersa, como mencionamos, na Contrarreforma. A arte barroca nace como unha arte propagandística, que como na Idade Media, buscará unha finalidade didáctica, para difundir os dogmas católicos fronte as ideas protestantes. Así destacan os temas da Virxe, os Santos, a caridade fronte á fe, as reliquias e os mártires. Buscarán a través da emotividade, convencer os fieis. Por iso pódese dicir que estamos ante unha arte de propaganda.

A ARQUITECTURA BARROCA EN ROMA: MADERNO, BER- NINI E BORROMINI

1. Fachada da Basílica de San Pedro do Vaticano

FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** FACHADA da Basílica de San Pedro do Vaticano.
- **LOCALIZACIÓN:** Roma. Italia.
- **AUTOR:** CARLO MADERNO.
- **TEMÁTICA e FUNCIÓN:** Arquitectura relixiosa, simbólica e propagandística.
- **ESTILO:** BARROCO. *Clasicismo barroco..*
- **CRONOLOXÍA:** ca. 1612.
- **COMITENTES:** Papa Paulo V.
- **DIMENSIÓNS:** A fachada principal mide 115 m de ancho e 46 m de altura..
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** Perpiaño. Realizada en perpiaño, usa elementos clásicos, con estilo manierista/barroco.
- **CARACTERÍZASE:** Clasicismo nas súas formas. Plan Basilical. Destacan as columnas e pilastras de orde xigante, os pareados, ao modo Miguel Anxo; os frontóns (algúns rotos), a balaustrada, arcos de medio punto, nichos, profundos portais sumidos en profundas sombras, etc.

O AUTOR

CARLO MADERNO OU MADERNA (1556 - 1629).

- Arquitecto italiano, considerado como un dos pais da arquitectura barroca. As súas fachadas de SANTA SUSANA; da BASILICA DE SAN PEDRO e de SAN ANDRÉS DELLA VALLE, foron clave na evolución do barroco italiano.
- Formouse en Roma co seu tío Domenico Fontana como canteiro e estucador.
- A súa 1ª obra importante foi a fachada de *Santa Susana* (1595 – 1603), na que segue o *modelo da fachada do Gesù* de Giacomo della Porta, mais cunha maior volumetría, co que se acentuaba o **claroscuro**.
- Polo prestixio acadado, Maderno, en 1603, foi nomeado superintendente da fábrica da Basílica Vaticana. En 1607, foi elixido o seu proxecto no concurso convocado para a terminación da fábrica de San Pietro, o acontecemento de maior relevo no pontificado de Paulo V.
- MODIFICACIÓNS NA PLANTA: Foi el quen levou a cabo a nova proposta: abandonar o plan central e apostar pola alternativa post-tridentina: volver ao **esquema basilical de cruz latina**.
 - Engade a nave lonxitudinal, como percorrido introdutor á estrutura centralizada preexistente e ao gran van da cúpula.

ANÁLISE

- Modificación da planta provocou un novo problema: que non se vise a cúpula de Miguel Anxo, debido á distancia do público.
- Levanta unha fachada de desenvolvemento horizontal, non podendo evitar o choque entre a súa proposta e a previa de Miguel Anxo.
- Obxectivo: Atenuar o contraste, chegar a unha convivencia:
- Manter o simbolismo de San Pedro (espazo centralizado con cúpula).
- Construír unha igrexa da Contrarreforma: lugar de culto e reunión de fieis, volto cara á cidade.

- Fachada desenvólvese de xeito HORIZONTAL:
 - Defecto nos extremos: construíuse a base de 2 campanarios que, non chegaron a se realizar, o que aumentou as proporcións da fachada.
- Aposta por adoptar columnas de ORDE XIGANTE.
 - Que estivesen en sintonía coa plasticidade da cúpula
- A FACHADA PRINCIPAL é CLÁSICA e composta por 2 niveis:
 - NIVEL BAIXO:
 - Alternancias simétricas en xogo: temos columnas de orde xigante corintias.
 - Adiántase na sua parte central (rúa 1), coroada por un frontón triangular sobre unha liña de entaboamento máis resaltada.
 - Conta con 3 portas: a central alintelada e máis alta e ancha que as laterais con arcos de medio punto. Sobre a 1ª porta ou central, un balcón con arco de medio punto, máis amplo que os laterais.
 - Posteriormente vaise retraendo a fachada (rúa 2) e atopamos 2 corpos que flanquean o anterior que teñen as mesmas características que a sección da 1ª porta.
 - Flanqueando o anterior (rúa 3), atopamos 2 intercolumnios, con 2 hornacinas; a inferior con frontón curvoo outro superior con frontón triangular e cun pequeno balcón.
 - Na parte máis afastada (rúa 4), hai 1 sección a cada extremo de bóveda de canón. Enriba o van de frontón curvocortado na base.
 - NIVEL SUPERIOR:
 - Situado sobre unha **ampla liña de entaboamento**, con pilastras que se corresponden coa liña das columnas de orde xigante do nivel inferior.
 - Entre estas pilastras vemos distintos vans simples alintelados.

- Na parte máis alta hai diferentes esculturas de personalidades da cristiandade cunha clara xerarquía, con Cristo no centro portando a Cruz.
 - Estas esculturas seguen as liñas das columnas de orde xigante do 1º nivel, excepto a de Xesús Cristo, que se sitúa no centro. Foron esculpidas para harmonizar coa columnata de Bernini.
- É unha fachada plenamente barroca, **dinámica e plástica**.
 - Rompe coa tradición de pared recta de elementos aliñados.
 - **Columnas salomónicas:** Estas columnas torcidas son unha característica distintiva do estilo barroco.
 - **Esculturas e relevos:** A fachada está adornada con estatuas e relevos que representan santos, anxeis e escenas bíblicas.
 - **Detalles ornamentados:** O uso excesivo de detalles decorativos, como volutas, follas e querubíns, é típico do barroco
 - Desenvolve a fachada en anchura e con pouca altura, para permitir a visualización da cúpula, que, vaise ocultando ao nos acercar ao edificio.

A ARQUITECTURA BARROCA EN ROMA: BERNINI e BO- RRROMINI

Os dous máximos representantes da arte barroca romana son Gian Lorenzo BERNINI e Francesco BORROMINI.

Ambos os dous son coetáneos:

- Bernini (1598 - 1680).
- Borromini (1599 - 1667).

Protagonizan a **revolución antimanierista**; buscan a popularización maior dos medios **expresivos**, chegar máis directamente aos sentidos.

Seguen camiños diferentes e poñen a súa obra ao servizo de ideais distintos:

- Bernini resalta a función política de Roma; traballa case sempre para as grandes familias da cidade.
- Borromini quere pór de relevo a función relixiosa de Roma, e por iso realiza encargos das ordes relixiosas.

2. Praza da Basílica de San Pedro do Vaticano

FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** PRAZA da Basílica de San Pedro do Vaticano.
- **LOCALIZACIÓN:** Roma. Italia.
- **AUTOR:** *Gian Lorenzo BERNINI.*
- **TEMÁTICA e FUNCIÓN:** Arquitectura civil - relixiosa.
 - Función simbólica, propagandística.
- **ESTILO:** *BARROCO. Clasicismo barroco.*
- **CRONOLOXÍA:** ca. 1656-1667.
- **COMITENTES:** Papa Alexandre VII; a praza debía de substituír a rectangular anterior; culmina a reconstrución da basílica iniciada no século anterior con Xulio II.
- **DIMENSIÓNS:** 320 metros de lonxitude e 240 metros de anchura. Nas liturxias e acontecementos destacados chegou a albergar máis de 300.000 persoas.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** Deambulatorio de columnas en mármore e pedra. As columnas mesturan ordes: elementos de orde toscana (columnas, alicerces) e xónico no restante.
- **CARACTERÍZASE:** Clasicismo nas súas formas. uso elementos clásicos, con estilo manierista/barroco.
- *Obras notables:* *David; Apolo e Dafne; Éxtase de Santa Tareixa.*

O AUTOR

Gian Lorenzo Bernini (1598 - 1680) é un dos principais artistas da época barroca. Destacou coma escultor e coma arquitecto.

É o autor de numerosas obras, entre as que destacan esculturas coma *O Éxtase de Santa Teresa*, as súas actuacións na Basílica de San Pedro (o baldaquino, a súa decoración), palacios e fontes en Roma, así como a Praza de San Pedro, sobre a que versa este comentario.

- Foi un dos artistas máis influíntes do seu tempo, tendo unha fonda influencia na arte e arquitectura occidentais.
- Ten unha sólida FORMACIÓN CLASICISTA, que renova moitos dos seus conceptos estilísticos, sobre todo no espacial, cun singular talento para conseguir **efectos ópticos e lumínicos**.
- É considerado o gran escenógrafo do BARROCO.

ANÁLISE

- En 1656 o Papa Alexandre VII encargou a Bernini a construción da praza no exterior da Basílica de San Pedro de Roma, así como a construción do baldaquino no interior.
- **Planta elíptica:**
 - Típica forma barroca (carácter inestable). Inicialmente pensara nunha praza trapezoidal.
- 2 xigantescas columnatas que parten da igrexa e rodean a PRAZA como abrazando aos fieis que se dirixen á BASÍLICA.

- Cada COLUMNATA está constituída por 4 filas de xigantescas columnas toscanas (capitel dórico, fuste liso e base). a multiplicidade de puntos de vista da sensación de verdadeiro bosque de columnas.
- Sobre as columnas discorre un **entaboamento** rematado coa típica **balaustrada barroca**, coroada por **enormes estatuas** que representan aos grandes papas, apóstolos, profetas, santos e patriarcas que reciben aos cristiáns que acoden ao Vaticano.
- Buscou harmonizar a praza coa fachada de Maderno:
 - Engadiu un corpo superior rematado tamén con balaustrada e estatuas.
 - Rompeu a perspectiva de Miguel Anxo, impedindo ver a cúpula desde moitos puntos da praza.
 - Corrixir a desproporción da fachada de Maderno, moi ancha con respecto á altura.
- Exemplo do **BARROCO coma arte urbanística**: preocupa por integrar os edificios no ESPAZO URBANO.
 - Efecto de sorpresa, non se descubría á praza até chegar a ela (na actualidade perdido, debido a que en época fascista derrubáronse as casas que ocultaban a praza, abríndose unha avenida).
- **CARACTERÍSTICAS BARROCAS**:
 - **Teatralidade e grandiosidade**: Crear a sensación de monumentalidade.
 - Uso das **curvas e contracurvas**: efecto dinámico, acentuar o dramatismo e dinamismo.
 - **Xerarquía visual**: Pensada para enfatizar a Basílica, a importancia da igrexa.
 - **Decoración exhuberante**: columnas, estatuas e obelisco.
 - **Uso da luz**: Contraste da luz natural e das sombra, para destacar os detalles da praza.

3. Mosteiro e igrexa de San Carlos das Catro Fontes

FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** Mosteiro e igrexa de San Carlos das Catro Fontes.
- **LOCALIZACIÓN:** Roma. Italia.
- **AUTOR:** *Francesco Borromini* (1599-1667).
- **TEMÁTICA e FUNCIÓN:** Arquitectura relixiosa: igrexa e mosteiro.
- **ESTILO:** *BARROCO.
- **CRONOLOXÍA:** ca. 1634-1640. A fachada foi acabada en 1665-1667, e as obras continuaron até 1680.
- **COMITENTES:** En 1634, o procurador dos Trinitarios Descalzos españois en-carga, preto do palacio Barberini, o mosteiro de *San Carlo alle Quattro Fon-tane* ou «San Carlino»; baixo o padroado do cardenal Francesco Barberini.
- **DIMENSIÓNS:** 19 m de lonxitude e 56 m de alto.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** Falta de orzamento non lle xerou ningún problema: usa materiais simples, como o xeso ou ladrillo, un dos principios fundamen-tais da súa arquitectura, os cales modelaba con pericia; a FACHADA en már-more travertino, 20 anos despois de acabarse a igrexa.
- **CARACTERÍZASE:** O arquitecto tivo que deseñar a súa proposta en base a dous requisitos principais: un baixo orzamento e o uso eficiente do escaso espazo do solar.

O AUTOR

Francesco BORROMINI é o máximo representante da arquitectura barroca en Roma.

- A súa obra representa a antítese da de BERNINI. Menospreza a TRADICIÓN CLÁSICA e fai construcións extravagantes e complexas.
- Domina a matemática e concibe a arte como imaxinación que se superpón a realidade e substitúea.
- Rexeita os modos habituais de distribuír o espazo.
- Para él, a CONSTRUCCIÓN é o produto dun impulso que vai desde a PLANTA ao último detalle ornamental.
- As súas obras están caracterizadas polas formas dinámicas, uso inventivo das curvas e contracurvas, un gran uso da luz e os espazos.

ANÁLISE

BORROMINI atopouse con dificultades ao planificar o proxecto, polas escasas dimensións e á forma irregular do solar no que construír.

- A obra foi concluída cara a 1640; a fachada acabada en 1665-1667.

DESCRICIÓN:

- No INTERIOR, no trazado do CLAUSTRO, que semella un pequeno PATIO, o edificio ofrece unha estrutura orixinal, de liberdade compositiva, e simple, a partir do círculo rítmico das columnas, que crean un octógono alongado, para unirse cunha cornixa uniforme.
- Destaca o uso da SERLIANA nos lados menores e esquinas.

- Serliana: recurso compositivo que resulta de dividir un oco en tres partes, simetricamente, de maneira que a parte central queda cuberta por un arco e é de maior amplitude que as dúas laterais, que se cobren mediante linteis.
- As esquinas foron substituídas por curvaturas convexas.
- As columnas son de orde toscana e comparten o ábaco.
- IGREXA:
 - Elaborado cun **criterio xeométrico romboidal**:
 - A súa planta irregular inscríbese nun rombo formado por dous triángulos equiláteros de base común ao longo do eixo transversal do edificio.
 - Renuncia ao principio clásico de construír por módulos (unidade arquitectónica básica).
 - As COLUMNAS, agrupadas de 4 en 4, con intervalos maiores nos eixos lonxitudinal e transversal, unifican as ternas de vans ondulantes nas diagonais e mostran nichos e molduras continuas nos muros e pinturas enmarcadas nos eixos principais.
 - Os altos arcos e frontóns segmentados, descansan nas columnas, que desde o van de entrada, crean un RITMO.
 - O tamaño predominante das columnas no interior da pequena superficie da IGREXA axuda a unificar a complicada forma.
 - As ternas de xanelas, poden ser consideradas como o «ritmo de fondo» que crea a inesgotable riqueza e fascinación da disposición.
 - Cúpula ovalada, de contorno curvilíneo ininterrompido e con pechinas, aparece decorada no seu INTERIOR, a modo de complicado artesanado, con motivos octogonais, hexagonais e cruciformes en diminución a medida que conflúen na lanterna.
- FACHADA:

- Levantada posteriormente e independente da estrutura interna do edificio.
- Adaptou o sistema de Miguel Anxo dos palacios capitolinos e da fachada de San Pedro, articulando a combinación dunha orde pequena e unha xigante, que repite nos dous pisos.
- O CONXUNTO ondulante está dividido por tres vans (conforman as 3 rúas que acentúan a verticalidade) nos 2 andares:
 - No baixo: un van central convexo (coa estatua de San Carlos Borromeo) e dous vans nos extremos cóncavos, unidos por un entaboamento ininterrompido e curvo.
 - No andar superior: Tres vans cóncavos. O entaboamento desprégase segundo tres segmentos separados, coroado todo por un medallón ovalado sostido por anxos.
- Complétase coa decoración escultórica (1682).
- En resumo, a igrexa de *San Carlo alle Quattro Fontane* é considerada unha mestra da arquitectura barroca por varios motivos:
 - O uso das **formas dinámicas e curvas** (curvas e contracurvas).
 - O uso expresivo da **luz e da sombra**, para crear efectos dramáticos no edificio, enfatizando ao mesmo tempo os detalles arquitectónicos do edificio.
 - Un **espazo interior dinámico**, co uso da forma oval, que aporta sensación de fluidez e movemento.
 - A **abundante decoración** (relevos, frescos, esculturas, etc.), que dan sensación de luxo e esplendor.

A ESCULTURA BARROCA ITALIANA: BERNINI

4. Apolo e Dafne, de Bernini

FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** Apolo e Dafne. Escultura exenta; vulto redondo.
- **LOCALIZACIÓN:** Galería Borghese. Roma. Italia.
- **AUTOR:** *Gian Lorenzo BERNINI* (1598-1680).
- **TEMÁTICA e FUNCIÓN:** Mitolóxica. Representa a Apolo, unha das divindades olímpicas greco-romanas, perseguindo á ninfa Dafne, que tenta escapar e, tras invocar ao seu pai, transfórmase en loureiro para que o Deus non a poida tomar como esposa. Esta historia aparece recollida na obra “As Metamorfoses” de Ovidio.
 - A función desta obra é emocionar e impactar ao espectador, ademais da intención propagandística ao exaltar coa grandiosidade o poder do comitente.
- **ESTILO:** *BARROCO. Clasicismo barroco.
- **CRONOLOXÍA:** 1622-1625.
- **COMITENTES:** Cardeal Borghese.
- **DIMENSIÓNS:** 243 cm de altura; tañáño natural.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** Talla, previo modelado en arxila. Material usado o mármore tipicamente clásico; superficie moi puída nos rostros ou a pel e de gran realismo nas anatomías, e máis rugosa noutras, especialmente nos pés de Dafne, que están a enraizar no chan ou nas mans, que se converten en loureiro.

- **CARACTERÍZASE:** Uso do mármore cun gran virtuosismo; destaca o tratamento das follas que semellan case translúcidas.
- **Otras obras:** *David*; *Éxtase de Santa Tereixa*; *Praza de San Pedro do Vaticano*.

O AUTOR

- Artista excepcionalmente dotado. A perfección da súa técnica é extraordinaria, conseguindo o efecto de que o mármore se converta en carne, teas ou vexetais.
- Estuda a escultura helenística e toma o movemento, a acción, o dramatismo e a violencia expresiva que cadran co temperamento BARROCO.
- Xa tivo fama en vida, tivo un obradoiro que colaborou nas súas obras; en moitas a participación de BERNINI limitábase á elaboración dun modelo en arxila e á supervisión do proceso de copia en mármore e acabado dos detalles.
- Destaca a **influencia** da violencia expresiva da **escultura helenista** (s. III-I a.C.), do seu dinamismo. Por exemplo, *Laoconte e os seus fillos devorados polas serpes mariñas*. Inflúe e cadra co temperamento do barroco.
- Características:
 1. **Realismo e expresión emocional:**
 - Capta a intensidade das emocións humanaas.
 - Figuras vivas e en movemento.
 2. **Detallismo minucioso:**
 - Coidado nos detalles anatómicos, gran realismo (músculos, veas, cabelos).
 3. **Uso do espazo:**
 - Figuras interactúan co espazo que as rodea.

- Relación dinámica co espectador (moitas perspectivas).

4. **Narrativa e teatralidade:**

- Esculturas contan unha historia completa.
- Utilización de elementos teatrais (luz, mirada), para involucrar ao espectador.

ANÁLISE

- **TEMA:**

- Conta o mito de Apolo e Dafne, onde Apolo se burla de Eros.
- Eros, molesto pola arrogancia de Apolo, ideou vingarse del e para iso arroxeulle unha frecha de ouro, que causaba un amor inmediato a quen ferira. Outro disparo feriu á ninfa Dafne cunha frecha de chumbo, que causaba o rexeitamento amoroso.
- Cando Apolo viu un día a Dafne sentiuse ferido de amor e lanzouse na súa persecución. Pero Dafne, que sufría o efecto contrario, fuxiu del. A ninfa escapou del até que esgotada, pediu axuda ao seu pai, o río Peneo, o cal determinou converter a Dafne en loureiro.
- Cando Apolo alcanzou a Dafne, esta iniciaba a transformación: o seu corpo cubriuse de dura cortiza, os seus pés fixéronse raíces que se fincaban no chan e o seu cabelo encheuse de follas. Apolo abrazouse á árbore e botouse a chorar.
- E dixo: *«Debido a que non podes ser a miña muller, serás a miña árbore predilecta e as túas follas, sempre verdes, coroarán as cabezas das persoas en sinal de vitoria»*.
 - O loureiro convértese na árbore representativa de Apolo.

- Representa unaha escena da mitoloxía grega tomada das *Metamorfoses* de Ovidio.
- Como boa obra barroca, representa exactamente o **momento culminante da escena** cando o deus en plena carreira alcanza á ninfa que comeza a se transformar.
- O **DINAMISMO** vese especialmente resaltado nos cabelos de Dafne, que parecen movidos polo vento ao deterse a ninfa de forma abrupta cando os seus pés empezan a botar raíces no chan, ou nos panos flotantes de Apolo.
- Escultura exenta e de vulto redondo (non teñen contacto con ningún muro, independentes de calquera superficie excepto da base que as suxeita; poden verse desde calquera ángulo):
 - Pódese observar desde distintos puntos de vista e xera movemento por parte do espectador.
- **Composición** a base de **diagonais**.
- **Movemento detido** e a **expresividade** das figuras son plenamente BARROCOS.
- **Influencias clásicas** evidentes:
 - Figura de Apolo, co seu modelado suave, brando, como o da estatuaria grega do século IV a.C., inspirado nunha copia romana de mármore dun Apolo en bronce atribuído a LEOCHARES que se conserva en Roma (Apolo del Belvedere).
- Grande capacidade técnica de Bernini. Grande complexidade da obra:
 - Acabado da obra.
 - Tratamento dos panos.
 - Elementos como a póla de loureiro (dificultade técnica).

5. Éxtase (transverberación) de Santa Tareixa, de Bernini

FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** Éxtase (transverberación) de Santa Tareixa.; Grupo escultórico de vulto redondo.
- **LOCALIZACIÓN:** Igrexa de Sta. María da Vitoria. Capela Cornaro. Roma. Italia.
- **AUTOR:** *Gian Lorenzo BERNINI* (1598-1680).
- **TEMÁTICA e FUNCIÓN:** temática relixiosa, mística; éxtase de Santa Tareixa. Mostra o momento no que a Santa recibe o don místico da transverberación (describese no seu Libro da Vida).
 - A función desta obra é emocionar e impactar ao espectador. Propaganda
- **ESTILO:** *BARROCO. Clasicismo barroco.
- **CRONOLOXÍA:** 1644-1652.
- **COMITENTES:** Cardeal Federico Cornaro, para a súa tumba.
- **DIMENSIONES:** 351 cm de altura; tañáño natural.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** Talla, previo modelado en arxila. Material mármore de carrara e motivos en bronce dourado.
 - Na capela podemos observar ademais, unha vintena de mármorees diferentes así como alabastros, lapislázulis, etc.; superficie moi puída nos rostros ou a pel e de gran realismo nas anatomías, e máis rugosa noutras.

- **CARACTERÍZASE:** uso do mármore cun gran virtuosismo; obra tremendamente expresiva que sobrecolle ao espectador pola capacidade de Bernini de crear unha composición e todo un ambiente: luces, cores e formas diagonais no que calquera se mergulla..
- **Outras obras:** *David*; *Apolo e Dafne*; *Rapto de Prosperpina*, *Praza de San Pedro do Vaticano*.

O AUTOR

- Artista excepcionalmente dotado. A perfección da súa técnica é extraordinaria, conseguindo o efecto de que o mármore se converta en carne, teas ou vexetais.
- Estuda a escultura helenística e toma o movemento, a acción, o dramatismo e a violencia expresiva que cadran co temperamento BARROCO.
- Xa tivo fama en vida, tivo un obradoiro que colaborou nas súas obras; en moitas a participación de BERNINI limitábase á elaboración dun modelo en arxila e á supervisión do proceso de copia en mármore e acabado dos detalles.
- Destaca a **influencia** da violencia expresiva da **escultura helenista** (s. III-I a.C.), do seu dinamismo. Por exemplo, *Laoconte e os seus fillos devorados polas serpes mariñas*. Inflúe e cadra co temperamento do barroco.
- Características:
 1. **Realismo e expresión emocional:**
 - Capta a intensidade das emocións humanaas.
 - Figuras vivas e en movemento.
 2. **Detallismo minucioso:**

- Coidado nos detalles anatómicos, gran realismo (músculos, veas, cabelos).

3. **Uso do espazo:**

- Figuras interactúan co espazo que as rodea.
- Relación dinámica co espectador (moitas perspectivas).

4. **Narrativa e teatralidade:**

- Esculturas contan unha historia completa.
- Utilización de elementos teatrais (luz, mirada), para involucrar ao espectador.

ANÁLISE

Considerada a obra mestra de Bernini; modelo de barroquismo polo **carácter escenográfico e integración co espazo que a rodea.**

- **Dramatismo e teatralidade:**

- Toda a capela está concibida como un teatro no que se representa a TRANSVERBERACIÓN da SANTA, que aparece sobre unha nube suspendida sobre o altar coma se flotase no aire, suxeita só por detrás.
- Efecto lumínico: Dunha xanela oculta cuxa luz escorrega sobre os raios de bronce detrás da santa, o que aumenta a sensación de ingravidez (estar no aire).
- Tratar o tema, a experiencia mística de Santa Tareixa como un espectáculo teatral.

- **Expresión intensa de emoción, o éxtase espiritual.**

- Segue o narrado pola santa nos seus propios escritos:
 - *Un anxo aparecíasele en soños e atravesáballe o peito cunha frecha de amor divino que lle provocou unha sensación de dor e gozo simul-*

táneo que a deixou desfalecida e suspendida no aire, levitando sobre as nubes.

- **TÉCNICA:** Grande mestría no tratamento do mármore.
 - Calidade no tratamento da carne branda e nos tremores.
- **COMPOSICIÓN:**
 - Esculpida no encontro de 2 poderosas **diagonais**, formando unha aspa:
 - O grupo central, transmite un forte **dinamismo**.
 - Pódese observar a liña imaxinaria que vai desde a cabeza do anxo até o pé da santa, cruzándose coa outra do corpo recostado de Santa Teresa.
 - Grupo escultórico **aberto**:
 - O movemento da roupaxe contribúe a transmitir a axitación do momento.
 - Acentúase o movemento pola sensación de inestabilidade provocada pola falta de apoio dos personaxes, suspendidos no aire.
- **Uso innovador de luz e sombra:**
 - Luz xoga cos tecidos en cuxos pregues, crebados e axitados, polo furor místico, xeran espectaculares efectos lumínicos.
 - Luz incide sobre a figura de Santa Tareixa: reforza sensación de divindade.
- **Grande realismo:**
 - Vese co movemento.
 - Tamén na perfección da anatomía.
 - Para expresar a éxtase mística usa recursos do amor físico. Santa Teresa semella unha amante abandonada ao pracer e o anxo, cupido clásico, cun sorriso de marcado carácter erótico.
- **Combinación de materiais:**

- O uso do mármore, asociado á durabilidade e á inmortalidade, reforza idea de transcendencia espiritual.

EN RESUMO:

- Unha OBRA MESTRA; CULMINACIÓN DO BARROCO de ecos clasicistas.
 - O encartado da túnica do anxo lembra ao da Vitoria de Samotracia.
- Unha das obras máis emblemáticas do barroco.

A PINTURA TENEBRISTA do BARROCO ITALIANO:

6. A vocación de San Mateo, de Caravaggio

FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** Vocación de San Mateo
- **LOCALIZACIÓN:** Igrexa de S. Luís dos Franceses. Roma. Italia.
- **AUTOR:** *Michelangelo Merisi da CARAVAGGIO* (1571-1610).
- **TEMÁTICA e FUNCIÓN:** relixiosa, simbólica e propagandística. Do NT, ciclo da Vida de san Mateo; representa a historia do Evanxeo segundo san Mateo (Mateo 9:9): Xesús viu un home chamado Mateo, sentado no despacho de impostos, e díxolle: «Sígueme»; Mateo levantouse e seguiulle.
- **ESTILO:** *BARROCO. Tenebrismo
- **CRONOLOXÍA:** 1599-1600.
- **COMITENTE:** Encargo de 1599 para decorar a Capela Contarelli; o cardeal Matteo Contreil (en italiano, Matteo Contarelli) deixara fondos e instrucións para decorar en temas do santo patrón.
- **DIMENSIÓNS:** 351 cm de altura; tañáño natural.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** Pintura ao óleo sobre lenzo.
- **CARACTERÍZASE:** 1º encargo monumental de 2 das realizadas polo artista, *Vocación de San Mateo* e *O martirio de San Mateo*. Domina unha intensa acción dramática
- **Outras obras:** *Cena en Emaús; Judit e Holofernes; David coa cabeza de Goliath; Martirio de San Mateo.*

A PINTURA TENEBRISTA.

O TENEBRISMO é un recurso artístico introducido por CARAVAGGIO e que se desenvolveu na pintura durante o período barroco, especialmente en Italia.

As principais características deste estilo son as seguintes:

1. **Uso do claroscuro:** Enfatízase o contraste entre áreas extremadamente iluminadas e áreas profundamente en sombra (fondo escuro). A luz crea un efecto dramático, onde se destacan algúns elementos da escena fronte a outros que están na escuridade.
2. **Dramatismo e emotividade:** Temas tratados con intensidade. Temas relixiosos, mitolóxicos ou históricos interpretados con moita tensión e emoción.
3. **Composicións dinámicas:** Dinamismo, con figuras en poses dramáticas e xestos con expresividade, creando a sensación de movemento.
4. **Detallismo nas zonas iluminadas:** A luz destaca zonas concretas da pintura (en 1º plano), como as caras, as mans, ou obxectos simbólicos.
5. **Ambientes atmosféricos:** Con focos de luz que parecen atravesar a escuridade (coma os focos do teatro), creando unha atmosfera chea de misterio.

Repítense temas coma a natureza morta, o bodegón, e a pintura de interior.

Ademais de Caravaggio, destacan autores coma José de Ribera, Georges de La Tour ou ARTEMISIA GENTILESCHI.

O AUTOR

Michelangelo Merisi "IL CARAVAGGIO" (1571-1610) é o prototipo de artista independente e rebelde (chegou a matar a un home o que o obrigou a pasar os últimos anos da súa vida fuxindo).

CARAVAGGIO pintaba no soto da súa casa con luz artificial e maniques.

Aos imitadores de Caravaggio coñéceselles en Italia como os "bambochantes", de "bamboccio": Monicreque.

As novidades do procedemento tenebrista interesaron enormemente a toda unha xeración de artistas europeos e son raros os pintores da 1ª/2 do XVII que non teñen unha etapa tenebrista na súa pintura (Ribeira, Murillo e Velazquez da época sevillana).

- Na súa PINTURA o único modelo é a **REALIDADE**; é o pai do NATURALISMO en todo tipo de composicións, mitolóxicas ou relixiosas, modelos da rúa sen idealización.
 - A súa pintura é a reacción contra a esquisitez do manierismo italiano e é de gran eficacia como método para levar a relixión ao pobo convertendo aos santos e aos personaxes do Evanxeo en homes de carne e óso.
 - Isto foio visto con interese polos defensores da Contrarreforma.
 - Mais algúns sectores cualificaron de irreverente, acusándoo de falta de respecto cara aos misterios da relixión.

ANÁLISE

- Estamos ante o primeiro gran encargo a Caravaggio (1599), conseguido grazas as xestións do seu protector, o Cardeal F. do MONTE.
 - Fará a serie de cadros para a Igrexa de S. Luís, que espertaron a admiración pola súa orixinalidade e novidade.
- **TEMA:**
 - Ciclo dedicado a S. Mateo (a Vocación, e o Martirio), temas que aborda con naturalismo e ausencia de idealización.
 - Novidade na representación dos temas:

- O *Martirio* é representado coma un asasinato.
- A *Vocación*: a pintura representa a historia que se narra no Evanxeo segundo san Mateo (Mateo 9:9).
- A *Vocación* é unha escena de taberna na cal o apóstolo, sorprendido pola elección, aparece contando o diñeiro (era recadador de impostos), rodeado de personaxes vestidos á moda de fins do s. XVI.
- Xesús, acompañado de S. Pedro chega pola dereita (o lugar do que procede a luz do cadro). Só unha lixeira aura indícanos que se trata dunha personaxe sacra.
- Os MODELOS son vulgares, a escena cotiá.
- **COMPOSICIÓN:**
 - A escea está dominada pola intensa acción dramática, (Xesús chama a Mateo), resaltada polo impacto da luz nos rostros; ten unha composición moi estudada e obtén resultados espléndidos.
 - Os xogos de luces e sombras moi violentos como sucede na maioría das obras do autor.

A INFLUENCIA da pintura tenebrista chegará á pintura posterior, á fotografía e ao cine.

7. Judit decapitando Holofernes, de Artemisia Gentileschi

FICHA TÉCNICA E CLASIFICACIÓN:

- **OBRA- TÍTULO:** Judit decapitando Holofernes (Existen diferentes versións da mesma autora)
- **LOCALIZACIÓN:** Galería dos Uffizi, Florencia. Italia.
- **AUTOR:** ARTEMISIA GENTILESCHI
- **TEMÁTICA e FUNCIÓN:** relixiosa, simbólica.
 - A HISTORIA DE JUDITH. A historia desta heroína bíblica procede do Antigo Testamento, do Libro de Judith. A historia narra como esta muller salva a cidade de Betulia (Israel) asediada polo xeneral Holofernes. Coa axuda da súa serventa, Abra, logra entrar ao campamento asirio e aproveitando a embriaguez de Holofernes decapítalo e crava a súa cabeza nunha estaca fronte ás portas da cidade polo que o exército asirio réndese. Considerouse a Judith como a prefiguración da Virxe e como a figura vencedora sobre o Mal encarnado en Holofernes.
- **ESTILO:** *BARROCO. Tenebrismo.
- **CRONOLOXÍA:** 1614-1620.
- **COMITENTE:** probablemente pintado para Cosimo II de Medici.
- **DIMENSIÓNS:** 199 cm × 162,5 cm.
- **MATERIAIS/TÉCNICA:** Pintura ao óleo sobre lenzo.

- **CARACTERÍZASE:** As obras de Artemisia adoitan reflectir o manexo do claro-escuro e da luz propio de Caravaggio con figuras femininas vigorosas.
- **Outras obras:** *Susana e os vellos; María Magdalena ou a Melancolía; Lucrecia.*

A AUTORA

Artemisia Gentileschi, pintora italiana do período barroco (Roma, 1593 - Nápoles, 1656). Foi unha das primeiras mulleres a alcanzar un recoñecemento significativo, nunha época en que a profesión de artista era dominada polos homes. Con todo, tras a súa morte ficou esquecida.

- É coñecida polas súas pinturas dramáticas e poderosas, nas que retrata figuras femininas fortes e intensas.
- Influenciada polo naturalismo de Caravaggio. No seu estilo atopamos os contrastes dramáticos de luz e sombra e una representación realista de figuras.
- Esta obra foi pintada varias veces pola autora. De forte intensidade emocional, cunha representación dun acto de violencia feminina contra un home.
 - Ela sufriu unha violación, que tivo un fondo impacto na súa vida e obra. Aos 18 anos é violada polo pintor Agostino Tassi e o caso vai a xuízo polo seu pai. Artemisia é acusada de verse con máis homes e é torturada nos dedos, algo grave para quen se dedica á pintura. O caso o gáñan os Gentileschi pero ela débese casar cun pintor mediocre para salvar a súa honra e márchase a Florencia en 1612.
- En Florencia entra no círculo dos Médici, con intelectuais e artistas; será a primeira muller en entrar na Academia das Artes do Deseño fundada por Vasa-

ri e convidoulla a entrar na Academia dos Desexosos, unha institución de intelectuais.

- O seu nome e o seu talento eran coñecidos e recoñecidos; recibe encargos de Felipe IV de España e do rei Carlos I de Inglaterra en 1637.
- Regresou a Nápoles onde se malvende as súas obras por problemas económicos a pesar da súa gran calidade artística. As murmuracións sobre o seu pasado non chegaron a marcharse e isto prevaleceu sobre a súa carreira profesional.

ANÁLISE

1. **Intensidade emocional:** Gentileschi retrata o momento dramático em que Judith decapita o xeneral inimigo Holofernes para salvar o seu pobo.

- A expresión de Judith e a violencia do acto, representadas con intensidade emocional.
- Cada personaxe mira cara a un punto. As mulleres son representadas con forza e determinación, non como seres delicados; Holofernes é representado de forma contorsionada e dolorosa.
- O uso da espada por Judith é unha metáfora da xustiza e o sangue chega a brotar ata a pulseira con camafeos da deusa Artemisia, deusa virxe da caza.

2. **Realismo dramático:**

- A escena é representada con gran realismo (influencia de Caravaggio).
- Manexo do claroscuro e da luz propio de Caravaggio.
 - A luz forte e as sombras dramáticas enfatizan os detalles da escena (rostros das personaxes e corpos en movemento), creando unha atmosfera cargada de tensión e emoción.

- Luz procede dun lateral e enfoca a escena como punto principal mentres que o fondo é completamente negro. Destacan nas roupaxes o uso da cor “dourada Artemisia” como unha característica propia da súa obra.

3. **Composición dinámica:**

- Os corpos das personaxes ocupan un gran espazo, creando unha sensación de movemento e acción.
- A disposición dos elementos da pintura guía a ollada do espectador pola pintura, destacando o momento crucial da decapitación.

4. **Detalles realistas:**

- Perfección técnica, desde os traxes e adornos das personaxes, até os adornos da escena. das personaxes até os obxectos no cenário.
- Detallismo no sangue escorregando do pescozo de Holofernes e na súa expresión de agonía no rostro, o que intensifica a dramaticidade da escena.

5. **Empoderamento feminino:**

- Uha das características distintivas desta obra é a representación de Judith como unha figura forte e determinada, desafiando as convencións sociais de súa época.
- Pode vincularse coa posición da propia Gentileschi, unha muller nunha profesión eminentemente masculina. Así retrataría a Judith como unha heroína que toma o destino nas súas mans.

Como CONCLUSIÓN, cómpre sinalar que a súa obra vincúlase á súa vida, polo que a converteu nunha icona feminista de loita e superación, e a pintura o medio de expresión. Nas súas obras ás mulleres son seres cheos de enerxía e poder con cores vivas e mestría no tenebrismo propio do Barroco.

Superou a seu pai, mais tivo dificultades polo pasado que a perseguía; a sociedade non aceptaba unha muller independente que podía vivir da arte polo que

moitas das súas obras foron descualificadas e tentaron usurpalas. É evidente nesta tea a influencia de Caravaggio. O cadro evoca non só a crueza da decapitación, senón a propia postura da heroína bíblica, de Caravaggio, no Palacio Barberini. É difícil pensar que Artemisia non tivese forma de coñecer tal obra.